



BANDO DE ALCALDÍA

SUBVENCIÓN PINTURA DE FACHADAS

O 31 de outubro, aprobouse en Pleno una segunda convocatoria das subvencións para pinturas de fachadas de edificacións situadas simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños.

CONTÍAS

A contía da subvención será do 40 % do custo das actuacións subvencionables, para pintura de inmobles, con materiais tradicionais, incluídos dentro da área de Rehabilitación. A contía máxima das axudas en calquera dos casos será de 5.000 €.

LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo.

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 15 de novembro de 2019 ou esgotamento do crédito.

MODELO DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes deberase facer no modelo de solicitude do anexo das bases publicadas no BOP nº 189 de 19 de agosto de 2019.

O que se fai publico para xeral coñecemento e correspondentes efectos

Mondoñedo na data da sinatura

A Alcaldesa

Asdo: M^a Elena Candia López

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

